



CAMPO DE VOLUNTARIADO

“O NOSO RURAL, A NOSA ISTORIA”

(RIBADAVIA-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
20-31/08/2020	18-30	Autonómico	Festival e cultural	12

LOCALIZACIÓN

Ribadavia é unha vila da provincia de Ourense, pertencente á comarca do Ribeiro.

Ribadavia está ligada non só ao viño, tamén á presenza do polo hebreo. A súa xudería é a máis relevante de Galicia, tanto pola importancia que tivo como polo seu estado de conservación.



DESCRIPCIÓN

Este campo de voluntariado de carácter “Cultural e festival”, apoiará o proceso de organización dunha Festa de Interese Turístico Nacional, como é a Festa da Istoría, na cal resalta o carácter cultural da festividade.

Nesta Festividade de exaltación cultural, a Istoría permite coñecer oficios que hoxe en día están en decadencia ou xa esquecidos, tales como ferreiros, carpinteiros de armar, toneleiros, canteiros, cesteiros e un longo etcétera de tradicións artesanais populares de grande incidencia na historia económica de Galicia, sen esquecer a importancia do viño do Ribeiro.



Entre outras actividades, non menos importantes, que se farán neste campo resaltamos o traballo de deseño e posta a punto dos materiais e ambientación da vila de Ribadavia, previa á celebración da Festa. Sinalización en rúas, castelo, Alameda...

Ademais:

- Actividades de animación e dinamización para crianzas
- Casa do troco: a moeda oficial da Festa da Istoría é o maravedí.
- Montaxe de estruturas: traballo previo o día da festa para a posta a punto do día do Festival.
- Engalanado da vila: pintura e colocación de bandeiras.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiros de cestería, de baile tradicional
- Xogos tradicionais
- Visitas a artesáns da madeira de Ribadavia
- Piscina e río
- Visita a unha bodega da DO do Ribeiro, a Castrelo de Miño, ás Termas de Pexigueiro

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR

Ribadavia conta con estación de tren. A mellor opción de achegarse a Ribadavia é facelo vía Ourense (en autobús ou en tren) e dende Ourense con www.monbus.es por estrada ou en tren.

Vía Vigo, pódese chegar a Ribadavia tamén con www.monbus.es ou en tren.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Garden Lodge Hostel Evencio na rúa Carballiño, 50, 32400, en Ribadavia, Ourense.



CAMPO DE VOLUNTARIADO

“O NOSO RURAL, A NOSA ISTORIA”

(RIBADAVIA-OURENSE)

INCORPORACIÓN

O primeiro día do campo, a partir das 16.00 h no lugar de aloxamento.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Traxe de baño ou toalla de baño e de ducha
- Chanquetas de ducha

- Gorra para o sol e protector solar
- Aseo persoal
- Mochila pequena para as rutas
- Calzado cómodo e impermeable
- Roupas de abrigo, para a choiva
- Roupas e calzado de traballo

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

Servizo de Xuventude (Ourense). Tel.: 988 386 116

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...

